CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, e control, compensación e cooperación básicas.	Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensíbel		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Participar en situacións interactivas con achegas propias		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Aplicar estratexias comunicativas	TI	48
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias de mediación lingüística		
CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Valorar a importancia da diversidade cultural		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura. - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación.

Contidos

- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Metodoloxía Didáctica

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os

alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona diferentes actividades que contribúen ó desenvolvemento das competencias clave.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso o noso proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. No noso proxecto existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento. Estas actividades non aparecen no Class Book. Están explicadas no Teacher's Book e poden ser de grande utilidade para a tarefa diaria do profesor.

A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. No noso proxecto, o alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ó nivel que mostra o alumno/a, debendo: iniciar o input da lingua, axudar ó individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. No noso proxecto enténdese que os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfire regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxanse ó finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrir as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe; no noso proxecto existe un Caderno de Avaliación con follas de avaliación fotocopiabíles para cada unidade, que permiten ó profesor anotar as observacións referentes ó progreso de cada alumno. Tal e como está concibido, o profesor pode adaptalo doadamente ás súas necesidades específicas.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. O noso proxecto toma en conta esta situación ó ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirllle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, a estes efectos, paradigmática). Por iso, as competencias clave poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cais as puidese adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cais o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1.- Libro de texto Network 3 Student's Book.
2.- Libro de exercicios Network 3 Workbook.
3.- Versións dixitais dos libros anteriores.
4.- Interactive Student Network 3.
5.- Materiais impresos e dixitais de Network 3 All-in-One Pack.

Os cinco módulos do Students Book divídense en tres seccións de catro páxinas que proporcionan o vocabulario e a gramática necesarios para afrontar a tarefa coa que culmina cada unha. Hai dous textos por módulo baseados en material auténtico. Tamén se presentan tres grupos de vocabulario temático contextualizado en cada módulo, con lecturas adicionais, e actividades de reciclaxe para revisar o vocabulario aprendido con anterioridade e asegurar o repaso e o enriquecemento constantes. Os exercicios interdisciplinares e culturais están integrados nos propios módulos, o cal proporciona unha forma natural de conectar a aprendizaxe do inglés co mundo real.

A gramática, que cobre todos os requisitos do novo currículo oficial, preséntase nun contexto actual tanto no oral como no escrito. Ao final do libro está a sección Grammar Lab, que contén cadros gramaticais presentados de forma clara e tamén exercicios adicionais en dous niveis para repasar e practicar.

Tamén se proporcionan unha gran variedade de tarefas comunicativas que permiten aos alumnos/as practicar a linguaxe funcional útil en distintas situacións da vida real; cada módulo inclúe un vídeo Life Skills con actividades para practicar a comprensión e produción oral. O apartado de pronuncia céntrase nas dificultades habituais dos alumnos/as á hora de pronunciar as palabras e frases en inglés. Tamén hai actividades adicionais de comprensión e expresión oral en todos os módulos que desenvolven destrezas lingüísticas produtivas para axudar aos alumnos/as a comunicarse de maneira eficaz no mundo real. Os contidos da guía de escritura están coidadosamente estruturados módulo a módulo para practicar as destrezas de escritura básicas e ofrecer axuda á hora de realizar as tarefas.

A Interactive Classroom atópase ao longo de todo o libro e permite unha aprendizaxe dinámica e constante coa axuda de distintas ferramentas.

Tamén hai tres seccións de repaso (Reviews) no Students Book. Estas inclúen exercicios de repaso do vocabulario e a gramática, unha páxina para poñer en práctica as habilidades adquiridas e unha páxina de literatura con fragmentos de animación literarios.

As Culture Quizzes, páxinas que compoñen unha sección de cultura e temas transversais, aparecen ao final do Students Book. Nelas relaciónase o inglés con outras materias do currículo escolar (CLIL) e introdúcese aos estudantes a unha ampla variedade de aspectos culturais do mundo angloparlante e do mundo en xeral. Cada páxina inclúe un vídeo cultural que presenta contidos interesantes e auténticos cun nivel adecuado, así como actividades de comprensión.

Todos os módulos contan cun proxecto colaborativo ao final do Students Book que, a través da realización dunha tarefa significativa, axudan a desenvolver as habilidades comunicativas, de planificación, de investigación e sociais. Ademais, cada proxecto inclúe unha Techno Option.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase mediante a realización dun test que permitirá determinar as fortalezas e carencias que poida ter o alumnado ao principio de curso, fundamentada nos contidos mínimos do curso anterior, a través dunha proba que servirá para analizar e valorar as Aprendizaxes Adquiridas e Non Adquiridas.

Os resultados da avaliación inicial servirán para poñer en marcha no mes de Setembro-Outubro as primeiras medidas de apoio naqueles casos que sexa necesario, de xeito global ou facendo fincapé nos bloques de xeito específico. Medidas que se adoptarán despois da análise dos resultados:

A nivel individual, levaranse a cabo plans de recuperación individuais ou grupais para aquel alumnado que o requira. Dado o carácter progresivo da Lingua Inglesa as Aprendizaxes Non adquiridas no curso 2022-23 serán impartidas no

curso actual de referencia xa que forman parte do currículo do curso actual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	21	18	17	17	17	100
Proba escrita	71	71	71	71	71	52	68
Táboa de indicadores	29	29	29	29	29	48	32

Criterios de cualificación:

A avaliación será:

- Continua, xa que, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindíbeis para continuar o proceso educativo.

- Formativa, polo que será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

- A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. Comprensión oral (CA1.1,CA1.2,CA1.3): 10%
Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de resposta curta.
Instrumentos de avaliación: Rúbricas de corrección.
2. Produción oral, interacción e mediación (CA1.4,CA1.7,CA1.8,CA1.10): 10%
Cuestionarios, completar preguntas, diálogos, presentacións, monólogos...
Instrumentos de avaliación: Rúbricas de corrección.
3. Produción escrita (CA1.5, CA1.6): 20%
Redacción de textos adecuados ao seu nivel.
Instrumentos de avaliación: rúbricas de corrección.
4. Plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe (CA2.1,CA2.2,CA2.3): 40%
Gramática, vocabulario e pronunciación : completar ocos, escolla, transformacións.
Instrumentos de avaliación: guía de corrección.
5. Comprensión escrita e interculturalidade (CA3.1,CA3.2,CA3.3): 20%
Contestar preguntas e completar enunciados.
Instrumentos de avaliación: guía de corrección.

Avaliación final:

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5. Redondearase á alza ou á baixa a nota na avaliación final a partir de 0,5 tendo en conta o esforzo e traballo diario do alumno.

É imprescindible que o alumno acade UN CINCO na terceira avaliación para superar a materia. Tendo en conta que os contidos son progresivos, se aproban a 3ª av. aproban a materia.

Co obxectivo de fomentar a constancia no traballo cada profesora poderá controlar as tarefas realizadas polo alumno sempre que o considere necesario, sen previo aviso, para avaliar ao alumnado.

As probas fixadas en cada avaliación deberán realizarse nas datas previstas, sendo precisa a xustificación documentada no caso de ausencia a dita proba. Se fose posible, comunicarase a ausencia con antelación, e de non

poder ser así, o/a alumno/a deberá poñerse en contacto coa profesora tan pronto como se incorpore ao centro. No que se refire á avaliación e cualificación da destreza oral SPEAKING, o profesor decidirá en función do número de alumnos e das características dos mesmos- se realiza unha proba específica oral ademais de valorar a participación diaria nas actividades orais levadas a cabo na aula, a fluidez e corrección lingüística empregada. Dado que unha lingua é un todo integrado, aqueles ALUMNOS QUE ABANDONEN OU SE NEGUEN A TRABALLAR unha destreza ou apartado dos mencionados anteriormente perden a posibilidade de que se lles faga nota media entre todas as probas feitas e as anotacións diarias realizadas polos profesores. Polo tanto, a nota global da avaliación será Insuficiente, isto tamén é válido para a avaliación final en xuño. Enténdese por abandono dos apartados anteriores o feito de non realizar tarefas ou probas específicas e non acadar en cada unha das destrezas (listening, speaking, reading e writing) unha CUALIFICACIÓN MÍNIMA DO 20% DA NOTA ASIGNADA A ESA DESTREZA. Haberá alomenos un libro de lectura graduada obrigatorio. No 3º trimestre realizarase una proba escrita deste libro que substituirá a parte de Reading Comprehension propia desta avaliación, polo tanto otorgaráselle a mesma cualificación.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter progresivo da materia, non se farán exames de recuperación senón que ao obter un resultado positivo na cualificación da seguinte avaliación, queda recuperada a anterior. Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.
COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 80%
PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 20%

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado con Inglés pendente de cursos anteriores(pendentes de 3ºESO, pendentes de 2ºESO, pendentes de 1ºESO) deberá seguir un protocolo de recuperación baseado na realización de actividades de reforzo e repaso nos que se traballen as distintas competencias. A persoa docente do curso actual titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación.

Tamén se terán en conta, por tratarse dunha materia progresiva, os resultados do curso actual no que está matriculado o alumno:

- Se aproban a 1ª e 2ª avaliación no curso actual terán recuperada a materia pendente. O alumnado será informado trimestralmente no boletín de avaliación.
- 1ª avaliación: Dado que os contidos da Lingua Inglesa correspondentes á 1ª avaliación son repaso e reforzo do curso anterior a nota de Inglés pendente nesta avaliación será a mesma que acaden no curso actual.
- 2ª avaliación: Proba obxectiva escrita de toda a materia pendente (comprenderá reading, writing, grammar and vocabulary)
- 3ª avaliación: Os alumnos que non acadaron una cualificación positiva na 1ª e 2ª avaliación terán unha RECUPERACIÓN cunha proba obxectiva escrita de toda a materia (comprenderá reading, writing, grammar and vocabulary)

Estas probas serán cualificadas cun 100%.

6. Medidas de atención á diversidade

Un dos elementos máis importantes na educación é a atención á diversidade. É claro que a mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos ten efectos diferentes en función do coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino.

É por esta razón que, en moitos casos, debemos modificar ou adaptar contidos ou a metodoloxía para que tódolos alumnos poidan alcanzar os obxetivos establecidos. Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de extensión para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos. A atención para a diversidade debe ser sempre realizada en ambas as direccións. Así, constantemente se deberá abordar estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de formas diferentes das actividades propostas no libro do alumno e no caderno. Os profesores deben escoller a quen dirixir e propoñer algunhas actividades ou outras e deberán ser consciente en tódolos momentos destas diferenzas, non só na hora de avaliar, senón tamén na hora de ensinar e planificar o proceso de ensino-aprendizaxe.

No proceso de avaliación continua, cando o proceso dun alumno non sexa adecuado estableceranse medidas de apoio educativo que se poderán adoptar en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten e dirixidas a a garantir as competencias.

Criterios e procedementos previstos para realizar las adaptacións curriculares apropiadas para os alumnos con necesidades educativas especiais

As adaptacións centraranse en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe
2. Metodoloxía máis personalizada.
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
5. Aumentar a atención orientadora.
6. Enriquecemento curricular.
7. Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos.

Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe:

Adoptaránse tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou en materiais considerados como tais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	
ET.3 - Comunicación audiovisual		X				
ET.4 - Competencia dixital		X				
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X	X		
ET.6 - Fomento de espírito crítico e científico		X			X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.7 - Educación emocional e en valores	X				X	
ET.8 - Igualdade de xénero					X	
ET.9 - Creatividade			X			
ET.10 - Educación de calidade		X	X	X	X	
ET.11 - Saúde e benestar			X	X	X	
ET.12 - Industria, innovación e infraestrutura			X			
ET.13 - Produción e consumo responsábeis			X			
ET.14 - Vida de ecosistemas terrestres				X		
ET.15 - Vida submarina				X		
ET.16 - Acción polo clima				X		

Observacións:

Inclúense tamén os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel expostos na Axenda 2030.

A práctica da aula reproduce de forma continua temas e vivencias do mundo exterior, ofrecéndolle ao profesorado a posibilidade de incorporar o tratamento xeral dos temas transversais no propio ritmo da clase e de facelos emanar de forma natural das actividades lingüísticas que se desenvolven día a día, de tal xeito que non supoñan para o profesorado unha actividade illada e sen coherencia didáctica. O ambiente que se cree na aula debe facilitar por si mesmo unha educación moral e cívica fundamentada no respecto, no diálogo e na autocrítica do alumnado que forma parte da comunidade grupal e escolar. Nesta liña, facemos fincapé a continuación nos contidos transversais cos que se traballará en todos os cursos adaptándose ao seu nivel e madurez.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Lectura extensiva.	Lectura obrigatoria dun libro adecuado a cada nivel.			X

Observacións:

Dadas as presentes circunstancias de crisis económica e restricións no orzamento dos centros as actividades deste tipo serán as mínimas.

Actividades:

- Por unha banda, dependendo do prezo e o lugar onde se realicen, podemos plantexarnos a asistencia a algunha representación de obras de teatro en inglés.
- Como actividade complementaria recomendamos a práctica de lectura extensiva. Por iso incluimos na programación polo menos a lectura obrigatoria dun libro adecuado a cada nivel.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
- Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
-Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
- Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
- Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou doutro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
- Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
-Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
-Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
-Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
-Fomento e animación á lectura e estratexias de comprensión escrita
- Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
-Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe. O grao de consecución será: Sempre / Ás veces / Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

En línea coas propostas de mellora felizmente levadas a cabo no curso pasado, pensamos que non deberiamos apartarnos deste senda, facendo fincapé nos puntos que se mencionan a continuación.

- Ao contar coa presenza dun auxiliar de conversa , adicar unha hora semanal á preparación de material didáctico baseándonos especialmente na comparación da cultura do noso país e o daquel, actividade que melloraremos e intensificaremos neste curso ao contar coa experiencia e plantexamentos previos do curso pasado. O propio departamento tratará de chegar con este falante nativo a unha forma de traballo e organización que dean resultados satisfactorios neste sentido.

9. Outros apartados